

# PROXECTO LECTOR

*Este documento intégrase no PE e resulta coherente coas súas directrices. Ten en conta as propostas do claustro. Foi elaborado polo equipo de Biblioteca do centro coa colaboración do Departamento de Orientación. **Achegado ao Claustro e a CCP e avaliado e aprobado no Consello Escolar do 27 de xuño de dous mil vinte e cinco.***

**ÍNDICE**

<b>1</b>	<b>Introdución</b>	<b>Páx. 3</b>
<b>2</b>	<b>Análise do contexto en relación coa lectura</b>	<b>Páx.3</b>
<b>3</b>	<b>A biblioteca escolar: situación actual</b>	<b>Páx.5</b>
<b>4</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>Páx.6</b>
<b>5</b>	<b>Actividades e liñas xerais de actuación</b>  <i>5.1 Liñas de actuación nos ciclos (ESO e PF)</i>  <i>5.2 Liñas de actuación desde a biblioteca escolar</i>	<b>Páx.7</b>
<b>6</b>	<b>Como chegar o noso plan lector ás familias</b>	<b>Páx.10</b>
<b>7</b>	<b>Colaboración con outros departamentos</b>	<b>Páx.11</b>
<b>8</b>	<b>Organización do tempo</b>	<b>Páx.12</b>
<b>9</b>	<b>Seguimento e avaliación</b>	<b>Páx.14</b>

## **1- INTRODUCCIÓN**

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (artigo 121) modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE) e do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación Primaria para a comunidade autónoma de Galicia e do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria, así como nas instrucións anuais de biblioteca (Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25).

O equipo de dinamización de biblioteca xunto coas aportacións do claustro, elaboramos o presente documento, co fin de integrar e planificar os obxectivos e liñas xerais de actuación, encamiñadas a fomentar a lectura e escritura, as habilidades no uso, tratamento e produción de información en apoio da adquisición das competencias básicas.

Trátase dun documento que parte da análise do noso particular contexto educativo e que se desenvolverá a medio prazo, contando coa participación e implicación de todo o profesorado e, na medida do posible, coas familias.

## **2- ANÁLISE DO CONTEXTO EN RELACIÓN COA LECTURA**

No Centro de Educación Especial Pontevedra están escolarizados a tempo completo ou parcial, alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo. A maioría deste alumnado, presenta dificultades en aspectos directa ou indirectamente, relacionados coa lectura como:

- Dificultades na adquisición do proceso lecto-escritor.
- Dificultades de comprensión lectora.

- Vocabulario limitado.
- Problemas da linguaxe.
- Limitacións nos procesos cognitivos básicos: de atención, percepción e memoria.
- Baixo interese cara a lectura.
- Escaso contacto coa literatura e a lectura fóra do centro escolar.
- Ambiente sociofamiliar desfavorecido.

Todas estas dificultades van xerar unhas necesidades especiais no alumnado con respecto á lectura que debemos ter en conta á hora de deseñar e desenvolver o noso proxecto lector de centro. Polo tanto, debido as características do alumnado, no centro desenvólvese unha ensinanza moi individualizada e diversificada, en tódolos ámbitos, incluídas as prácticas relacionadas co adquisición e fomento da lectura e escritura.

A individualización da ensinanza e a resposta a diversidade son, polo tanto, dous principios básicos que rexen as nosas actuacións con respecto o proceso lector. Ata o de agora, tanto a nivel de centro como de aula, véñense desenvolvendo diferentes actuacións co obxectivo de potenciar a adquisición e desenvolvendo de competencias lectoescritoras e de fomentar o gusto pola lectura: familiarización do alumnado co funcionamento da biblioteca de centro, aumento do caudal léxico relacionado con espazos, recursos e material que hai na biblioteca, visitas á biblioteca pública, representación de contos, participación no salón do libro, xogos de fomento da lectura, exposicións de contos na biblioteca, tertulias literarias, bookface, bookcrossing no espazo da cidade infantil, ...

Estas actuacións, a maioría que xa se veñen realizando, agora serán recollidas e sistematizadas no proxecto lector de centro para os vindeiros catro anos coa finalidade de continuar desenvolvéndoas e mellorándoas.

### 3- A BIBLIOTECA ESCOLAR: SITUACIÓN ACTUAL

A biblioteca escolar do noso centro conta cun espazo propio, onde podemos atopar material bibliográfico diverso en diferentes soportes. Na biblioteca tamén contamos cun ordenador e unha impresora para uso do equipo de biblioteca (catalogación, préstamo, carnés lectores, expurgo...), outro ordenador e unha pantalla táctil para a busca de información, lectura, realización de actividades, xogos didácticos, revistas, etc.

Actualmente temos rexistrados todos os fondos de préstamo e consulta, e case todos os fondos de consulta do profesorado. Facendo un análise da situación actual da biblioteca, detectamos as seguintes **necesidades**:

- Necesidade de seguir rexistrando e catalogando os recursos bibliográficos de nova adquisición.
- Necesidade de facer un expurgo cada certo tempo e centralización dos fondos bibliográficos de aula (bibliotecas de aula).
- Necesidade de seguir dinamizando o servizo de préstamo.
- Necesidade de seguir fomentando a Biblioteca escolar como un espazo central da vida diaria do centro, como un centro de recursos que favorece o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Necesidade de seguir formando usuarios da biblioteca escolar.
- Necesidade de achegar a Biblioteca Escolar ás aulas, dinamizando ás bibliotecas de aula naquelas aulas que xa existe e creándoa noutros casos.
- Manter relación con outras bibliotecas ou servizos que teñan algo que aportar a nosa biblioteca.
- Necesidade de aumentar a participación nas actividades da biblioteca do alumnado e das familias.

## 4- OBXECTIVOS

### 4.1 Obxectivos xerais:

- Impulsar a Biblioteca Escolar como recurso fundamental para a posta en marcha do Proxecto lector e como apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura como actividade lúdica e como fonte de formación e información, concienciando a toda a comunidade educativa da súa importancia na vida diaria.

### 4.2. *Obxectivos específicos:*

Con respecto á Biblioteca Escolar propoñemos os seguintes obxectivos.

- Dotar á biblioteca de xeito recorrente dos recursos necesarios para o seu funcionamento e para dar resposta as necesidades dos seus usuarios.
- Integrar a Biblioteca escolar na vida diaria do centro, como un centro de recursos que favorece o proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Facer da Biblioteca escolar un lugar atractivo e cómodo para o alumnado.
- Facilitarlle ó alumnado as estratexias básicas para usar de forma autónoma os recursos e servizos da biblioteca como fonte de pracer e de información, segundo as súas capacidades persoais.
- Dinamizar a biblioteca con diversas finalidades: recreativa, informativa e formativa, favorecendo a participación da comunidade educativa nas actividades que se organicen.
- Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos dos diferentes proxectos e actividades que se leven a cabo no centro.
- Promover actividades propias da biblioteca escolar para dar a coñecer as súas posibilidades e recursos.

Para fomentar o gusto pola lectura, concretamos os seguintes obxectivos específicos:

- Diseñar e desenvolver diferentes actividades e proxectos a nivel de centro e aula que favorezan o coñecemento dos libros, das historias que conteñen, da diversidade de textos e soportes. (dramatizacións)
- Crear dinámicas nas que se favoreza a interacción do alumnado menos receptivo coa lectura.
- Desenvolver capacidades de escoita, comprensión e retención de información, así como a observación de imaxes como complemento do texto.
- Desenvolver as competencias lectoescriptoras e de búsqueda de información, na medida das posibilidades de cada alumno/a
- Fomentar a colaboración coas familias e outras institucións no fomento da lectura.
- Compensar desigualdades no acceso a fontes informativas e a actividades lúdicas relacionadas coa lectoescritura.
- Potenciar a intención comunicativa de todo o alumnado, fomentando a expresión corporal, oral e xestual dependendo das características de cada un, utilizando tódolos recursos expresivos, lingüísticos e non lingüísticos.
- Integrar actividades de fomento da lectura, da escritura, da comprensión e da busca de información no contexto da clase e no traballo diario, respondendo ás características e necesidades propias de cada alumno e de cada área de coñecemento.
- Fomentar o gusto e a necesidade de coidar os libros e de mantelos en bo estado porque son un material de todos.
- Fomentar o interese pola lectura a través de actividades lúdicas.
- Aumentar a participación da comunidade educativa nas actividades da biblioteca.

## 5- ACTIVIDADES E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

### *5.1 Liñas de actuación*

- Desenvolvemento de diferentes técnicas, dramatizacións e xogos de animación á lectura na aula.
- Lectura e comentario de contos e textos relacionados cos temas que se están traballando na aula.
- Representación e dramatizacións de contos relacionados con diferentes centros de interese.
- Obradoiro de linguaxe organizado polo profesorado especialista en Audición e Linguaxe.
- Recomendacións lectoras do alumnado na radio.
- Introducción dos diferentes xéneros literarios: teatro, conto, poesía e cómic... a través de diferentes actividades como:
  - Preparación e representación de obras teatrais.
  - Elaboración de diferentes actividades para o Salón do libro.
  - Creación de rimas sinxelas.
  - Elaboración de carteis.
  - Creación dunha sección de chistes e bromas na radio para fomentar o dobre sentido e a expresión oral (Día dos Santos Inocentes).
  - Audicións e proxeccións de audio-contos.
  - Lectura de contos con dramatizacións.
  - Creación de contos e cómics entre diferentes aulas, de xeito que cada aula se encargue dunha parte: debuxo, texto, montaxe, portada...

Para levar a cabo estas actividades, teranse en conta as seguintes **liñas metodolóxicas**:

- Seleccionar lecturas para o alumnado tendo en conta os seus intereses, capacidades, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Empregar diferentes tipos de textos e en soportes variados (papel, dixital).

- Analizar a linguaxe e vocabulario dos libros para seleccionalos e adaptalos as características do noso alumnado.
- Buscar fórmulas atractivas e motivadoras de presentación do espazo da biblioteca.
- Facer que o alumnado comprenda a importancia que ten a lectura para a súa aprendizaxe, formación e desenvolvemento na vida diaria.
- Introducir o vocabulario previa e posteriormente á lectura.
- Iniciar ao alumnado no uso do audiolibro.

### ***5.2 Liñas de actuación dende a biblioteca escolar***

#### Funcións da biblioteca:

- Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro.
- Actualizar e realizar o rexistro e catalogación do material bibliográfico que se atopa tanto na Biblioteca coma noutros espazos do centro.
- Realizar expurgo periódico.
- Ofrecer información de actividades, programas e materiais á comunidade educativa para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias (trípticos).
- Colaborar na promoción de actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e información.
- Incrementar o uso da lingua galega paulatinamente na comunidade educativa.
- Proporcionar actividades de animación á lectura por cursos e ciclos.

Para levar a cabo estas funcións, a biblioteca fará partícipe a todo o claustro, se ben a súa organización e xestión será misión dun Equipo de Biblioteca coordinados por unha persoa responsable.

Actuacións dende a biblioteca escolar:

- Renovación da mascota da biblioteca para que sexa significativa e representativa do alumnado actual.
- Elaboración de sinxelas guías sobre as normas de funcionamento da biblioteca, que logo cada titor traballará cos seu alumnado realizando diferentes actividades na hora de biblioteca.
- Actualización dos carnés de biblioteca.
- Renovación e adquisición de mobiliario.
- Actualización do apartado de biblioteca na web do centro.
- Crear un fondo de recursos da biblioteca (letras en diferentes tipografías, logos, carteis coas normas).
- Exposicións temáticas de material bibliográfico relacionados con diferentes centros de interese que se estean traballando.
- Colaboración nas actividades que se desenvolvan no centro con motivo da participación no Salón do Libro.
- Visitas á biblioteca Pública Municipal.
- Visitas ó centro de autores e ilustradores.
- Visitas ó centro de contacontos.
- Visitas a editoriais.
- Visitas a librarías.
- Visitas á radio de Pontevedra.
- Visitas virtuais a museos e webs infantís e xuvenís.
- Lectura e dramatización de contos apoiados en signos e imaxes, para o alumnado xordo e para alumnado non lector, en colaboración co profesorado especialista en Audición e Linguaxe.
- Dinamización das bibliotecas de aula a través da adquisición e préstamo de fondos bibliográficos e da creación de bibliotecas móbiles que irán percorrendo as diferentes aulas.
- Proposta dunha eixe vertebrador a traballar ao longo do ano dende todas as titorías, abarcando a todo o centro educativo, sobre unha temática concreta.

- Colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega na preparación de actividades conxuntas: exposicións temáticas de libros, traballo de diferentes documentos relacionados, recollida de letras de cancións populares, poesías, lecturas relacionadas coa literatura...
- Realización de proxectos e traballos relacionados coa lectura.

## **6- COMO ACHEGAR O NOSO PLAN LECTOR ÁS FAMILIAS:**

O alumnado escolarizado no centro procede de ambientes socio familiares moi diversos. Hai alumnado que está en réxime de internado outros proceden de ambientes moi diversos e, con condicións económicas vulnerables nas que soamente traballa un membro da familia.

Destacar que a maioría do alumnado procede de lugares moi afastados do centro escolar, o cal dificulta a posibilidade ás familias de vir ó centro regularmente, o que non deixa de ser unha traba á hora de traballar de xeito conxunto familia-escola. Outro inconveniente que inflúe negativamente na vida do centro é a escasa actividade da ANPA.

Ante esta realidade, é moi difícil organizar actividades pensadas para a participación das familias. Aínda así, a nosa intención é, na medida do posible, dar a coñecer e implicar ás familias no desenvolvemento do Proxecto Lector de centro. Achegando o noso Plan Anual ás familias:

- Elaborando dípticos con información sobre as actividades de fomento da lectura que se van a realizar no centro e recomendacións para que apoiem esta labor dende os fogares; na medida das posibilidades de cada familia.
- Implicando ás familias nas actividades (recollida de poemas, contos, refráns...) para realizar diferentes traballos e exposicións temáticas na escola.
- Ofrecendo información sobre os recursos dos que dispoñemos e que teñen ao seu alcance para fomentar a lectura: bibliotecas municipais, recursos dispoñibles no centro...

- Prestando ao alumnado material para que o leve a casa durante un tempo.
- Invitando ás familias a colaborar nas actividades lectoras do centro e a motivar a lectura dos seus fillos e fillas na casa.
- Creación de QR onde se da difusión ás diversas actividades realizadas dende a biblioteca.

## **7- COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS:**

O equipo de biblioteca e de xeito especial a persoa encargada da súa dinamización, comprométese a colaborar activamente cos diferentes departamentos didácticos do centro a través de accións como:

- Proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, para a consecución dos obxectivos propostos nas dinámicas de aula e programacións, e para o deseño e desenvolvemento das diferentes actividades que se organicen.
- Análise das necesidades dos diferentes departamentos á hora de adquirir materiais para a biblioteca escolar como: revistas, contos, aplicacións, Música, Deportes, material SAAC...
- Implicación dos diferentes equipos e departamentos do centro nas actividades que se organicen para o fomento da lectura.
  - Mantemento dun contacto periódico e intercambio de información entre os diferentes departamentos, fundamentalmente a través dos coordinadores.
  - Colaboración co Equipo de TICs na dinamización da páxina Web en contidos da Biblioteca Escolar e na creación de códigos QR que conteñan recomendacións lectoras.
  - Apoio na realización de actividades que impliquen o uso das TICs na localización e selección de información.
  - Apoio e colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

## **8- ORGANIZACIÓN DO TEMPO:**

Tal e como establece a lexislación vixente o Proxecto Lector é un documento deseñado para desenvolverse a medio prazo. (*Instrucións do 24 de xullo de 2013, da dirección xeral de innovación educativa e formación do profesorado, sobre a organización e funcionamento das bibliotecas escolares dos centros docentes públicos que imparten educación infantil, educación Primaria e educación secundaria e a Orde de 17 de xullo de 2007 que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes*).

### **8.2. Horario de biblioteca**

A Biblioteca do centro ten un horario de apertura de 9:15 a 14:15. Este horario organízase do seguinte xeito:

- **Titores:** dispoñen dunha hora semanal de Biblioteca para ir co seu grupo de alumnos.
- **Coordinador/a da biblioteca escolar:** 2 horas semanais para tarefas de xestión, organización e dinamización, polo coordinador.
- **Horas de libre disposición da biblioteca:** abarcan o resto do horario lectivo e os recreos.

### **8.3. Tempo diario de lectura.**

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de Educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE) e a súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación Primaria para a comunidade autónoma de Galicia e do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria, o profesorado determinará unha dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura.

Para o seu cumprimento, teremos en conta a instrución anual de biblioteca (Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25).

Todos os mestres do centro, comprométense a dedicar todos os días, dentro da xornada escolar, un tempo para a práctica e fomento da lectura a través de diferentes actividades.

## 9- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Grado de consecución dos obxectivos propostos.
- Implicación do profesorado.
- Funcionamento do Equipo de Biblioteca e colaboración cos outros departamentos.
- Necesidades e dificultades atopadas.
- Adaptación das actividades organizadas ás características do noso alumnado.

O seguimento e avaliación do Proxecto Lector será responsabilidade do Equipo de Biblioteca, tendo en conta as propostas e suxestións de todo o profesorado. Levarase a cabo a través das reunións periódicas e puntuais, e coa elaboración dunha memoria de Actividades realizada ó finalizar o curso escolar. Nesta memoria tamén se recollerán as Propostas de Mellora para os vindeiros cursos.

PONTEVEDRA 27 DE XUÑO DE 2025

Vº e Prace A directora

Asdo. Paula García Bóveda



A coordinadora

Asdo. María Josefa Tapia Fernández